

## AXENDA

Prezada comunidade:

Cultura Open Access e Intelixencia Artificial son os eixos das actividades sobre excelencia científica esta semana, nas que agardamos contar coa vosa participación: mañá xoves coa vicerreitora de Investigación da UVIGO, Belén Rubio; e o venres co coordinador de Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial, Miguel G. Loureiro. Contamos con vós!!

**XOVES**  
**25/04**  
**12.00 H**



### EXCELENCIA CIENTÍFICA:

#### “A CULTURA OPEN ACCESS: O VALOR SOCIAL DA INVESTIGACIÓN”

**M<sup>a</sup> Belén Rubio Armesto**, Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo e membro do Consello Reitor de ECOBAS.

- Data: Xoves, 25 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:30 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. Económicas e Empresarias da UVigo. Aula-seminario 7.
- **ONLINE: [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)**

**VENRES**  
**26/04**  
**12.00 H**



### “GENERATIVE ARTIFICIAL INTELLIGENCES BASED ON LARGE LANGUAGE MODELS IN SCIENTIFIC RESEARCH: WHAT IS OUTSIDE THERE AND POTENTIAL USES”

**Miguel González Loureiro**, catedrático de Estratexia e Dirección Internacional de Empresas, investigador permanente de ECOBAS e coordinador do Programa Interuniversitario de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial.


- Data: Venres, 26 de abril 2024
- Horario: 12:00 a 13:30 h (CET)
- Presencial: Facultade de CC. EE. da UVigo. Aula Seminario 7.
- **ONLINE: [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)**

## ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS

Terceira e última sesión do noso itinerario de Innovación para a Transferencia:

**MARTES**  
**30/04**  
**12.00 h**

- Horario: de **12:00 h a 14:30 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. EE. da UVIGO
- [Preme aquí para formalizar a túa inscrición](#)



# AXENDA



## >>> PRÓXIMOS SEMINARIOS DE DOUTORAMENTO

**XOVES**  
**02/05**  
**13.00 H**

**“INNOVACIÓN EMPRESARIAL E TRANSFORMACIÓN DIXITAL NOS MODELOS DE NEGOCIO DA MOVILIDADE: PERSPECTIVAS INDUSTRIAIS E IMPACTO REXIONAL”**



Hugo Pérez Moure, alumno da UVigo, presentará o seu traballo de doutoramento o vindeiro xoves 2 de maio:

- Presencial: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da Universidade de Vigo.
- De 13.00 a 14.00 h

**VENRES**  
**03/05**  
**13:00 H**

**“CAPITAL INTELECTUAL COMO FONTE DE VALOR NA XESTIÓN DE BENS COMUNAIS: O CASO DAS COMUNIDADES DE MONTES EN GALICIA”**



Beatriz Zugazagoitia, alumna da UVigo, será a relatora do seminario do venres 3 de maio:

- Presencial: Aula-seminario 7 da Facultade de CC.EE. da Universidade de Vigo.
- De 13.00 a 14.00 h

## >>> DIÁLOGOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR. SESIÓN 4: PROPOSTA DE REGULAMENTOS DE ENVASES E RESIDUOS DE ENVASES”

**XOVES**  
**25/04**  
**16:30 H**

O Foro de Intercambio de Coñecemento sobre Residuos e Economía Circular (FIREC) que dirixe o investigador permanente de ECOBAS **J. José Pernas** celebra a 4ª sesión da serie “Diálogos para unha economía circular” cos seguintes relatores convidados:



- Fernando Blázquez, ECOEMBES
- Alberto Fernández, RECLAY GROUP
- Ricardo Luis Izquierdo, Ayto. Fuenlabrada
- Paz Orviz, COGERSA
- Carlos Salesa, MARESME
- Laura Sanz, CONFECOI e IMPLICA

### RETRANSMISIÓN ONLINE:

solicitud de inscripción por correo a [secretariatecnicafirec@gmail.com](mailto:secretariatecnicafirec@gmail.com)

**VENRES**  
**26/04**  
**10:00 H**

**OBRADOIRO DE MINDSET EMPRENDEDOR**



- Organiza: HEI4FUTURE
- Horario: 10:00 a 14:00 h (CET)
- Presencial: PONTEVEDRA. Casa das Campás.
- [Ligazón para inscrición](#)

**MARTES**  
**30/04**  
**10:00 H**

**OBRADOIRO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E NETWORKING**



- Organiza: HEI4FUTURE
- Horario: 10:00 a 14:00 h (CET)
- Presencial: OURENSE. Escola Técnica Superior de Enxeñaría Informática.
- [Ligazón para inscrición](#)

## ACTUALIDADE ECOBAS



### »»» ECOBAS NO PROXECTO “EUROPEAN TRAINING FOR ENERGY COMMUNITY MANAGERS”



O Centro Tecnolóxico EnergyLab é un dos partners do proxecto EU-NETS sobre Comunidades Enerxéticas, que entre outros aspectos, está a traballar na creación dun espazo de diálogo e estudo multidisciplinar para a interacción entre as distintas áreas do coñecemento: técnico, económico, legislativo, social e organizativo.

ECOBAS é unha das entidades involucradas para aportar a visión dende o ámbito económico e por iso a reunión celebrada o pasado luns contou coa participación da nosa investigadora principal **Celia López Penabad**, quen contribuíu ao debate transversal e á análise de retos e oportunidades para promover el crecimiento das comunidades enerxéticas en España.

### »»» ENTREVISTA SOBRE OS AVANCES EN REGULACIÓN PARA O IMPULSO Á ECONOMÍA CIRCULAR



[Podes escoitar a entrevista completa aquí](#)

Hai un “problema de ineficiencia ambiental e tamén económica”. Esta é unha das cuestións cardinais ás que fai referencia o investigador principal de ECOBAS **Juan José Pernas** na entrevista concedida a Girona FM con motivo da súa participación no congreso Waste in Progress celebrado a pasada semana. Pernas fai un repaso polos distintos aspectos que están a motivar o cambio de paradigma no marco normativo e nas distintas regulacións e políticas das administracións públicas para o desenvolvemento da economía circular e a xestión eficiente de envases e residuos. As novas regulacións supoñen o “inicio dun camiño” que, ao seu xuízo, supón o paso da “política ambiental de segundo orde, vivida durante décadas” a converterse nunha **política económica para a xestión dos recursos**, fundamental para a Unión Europea, altamente dependente de materias primas externas.

**10th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics**  
A Toxa, Galicia (Spain)  
20 and 21 June 2024

»»» OPEN CALL  
**10TH ATLANTIC WORKSHOP ON ENERGY AND ENVIRONMENTAL ECONOMICS**



A illa de A Toxa ccolle a décima edición do Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics que organiza Economics for energy coa colaboración de ECOBAS e o Grupo REDE da Universidade de Vigo e que terá lugar durante os días 20 e 21 de xuño.

- [Call for papers](#). ATA **01/05/2024**.
- [Web do evento](#)

## CONVOCATORIAS



### >>> PROXECTOS «EUROPA EXCELENCIA» 2024

A convocatoria de proxectos «Europa Excelencia» ten como finalidade mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), nas súas modalidades «Starting Grants», «Consolidator Grants» e «Advanced Grants», enmarcados no Pilar 1 «Ciencia Excelente» do Programa Marco de Investigación de la Unión Europea Horizonte Europa. Se trata de proxectos de investigación científico-técnicos relacionados cos obxectivos das propostas remitidas e avaliadas positivamente e consideradas elixibles polo ERC, pero que por razóns orzamentarias non puideron ser finalmente financiadas por este organismo.

- **Prazo de solicitudes: do 23/04/24 ao 09/05/24 ás 14:00 h (CET)**
- [Ligazón á convocatoria](#)

### >>> PROGRAMA DE RETORNO DO TALENTO 2024

En marcha a II Edición deste programa para o retorno a España de persoal científico xa consolidados no extranxeiro coa finalidade de que poidan desenvolver un proxecto de investigación relevante durante un periodo de cinco anos integrándose nunha Institución pública de investigación española.



FUNDACIÓN  
RAMÓN ARECES

- Prazo solicitudes: **ata 16/09/24**
- [Descarga aquí as bases desta convocatoria](#)
- [programaretorno@fundacionareces.es](mailto:programaretorno@fundacionareces.es)

### >>> VIII PREMIO CÁTEDRA AGROBANK Á MELLOR TESE DOUTORAL

A Cátedra AgroBank "Calidade e Innovación no sector Agroalimentario" convoca o VIII Premio Cátedra AgroBank á mellor Tese Doutoral, destinado a doutores que obtivesen o seu título nunha universidade española mediante a realización dunha tese doutoral nalgunha temática relacionada coa Calidade e Innovación no sector agrario ou alimentario.



- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un único accésit dotado con 1.000 euros.
- **Prazo presentación candidaturas: 30 de abril de 2024 ás 14:00 h**
- [Ligazón á información completa e as bases](#)

## MÁIS COMUNIDADE



### PREMIO DE ECONOMÍA REY DE ESPAÑA 2024



Convocatoria da Fundación José Celma Premio para recompensar o labor científico ou profesional máis destacado, a xuízo do xurado, dentro do campo da economía.

- Premio: un diploma, unha réplica da obra "Mercurio" do escultor Francisco López Hernández e unha dotación en metálico de 72.000 euros.
- **Prazo** presentación candidaturas: **30 xuño 2024**.
- [Ligazón ás bases do premio](#)

### >>> PREMIO VANGUARDIA DA CIENCIA 2024



Iniciativa conxunta do diario La Vanguardia e a Fundación Catalunya La Pedrera que se convoca anualmente cos obxectivos de a) dar visibilidade á investigación científica de excelencia que se realiza en España e b) dar visibilidade a investigacións realizadas por mulleres para contribuir a reducir a fenda de xénero no ámbito da ciencia.

- Requisitos: poden optar ao galardón **investigacións lideradas por mulleres** que teñan como filiación principal unha institución con sede en España e que fosen publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 xuño 2024 ás 23:59 h**.

LAVANGUARDIA

- [Ligazón ás bases](#)

### >>> PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO CELIA BRAÑAS



Chega a novena edición deste Premio da RACG para recoñecer a importancia de comunicar a ciencia á sociedade galega, facendo partícipe á cidadanía dos achádegos científicos e tecnolóxicos e/ou as súas aplicacións, así como tamén os casos de transferencia de coñecemento ás empresas galegas.

- **Dotación:** outorgarase un premio de 5.000 euros e un accésit sen dotación económica, así como os correspondentes diplomas acreditativos
- **Prazo** presentación candidaturas: **15 de maio de 2024 ás 15:00 h**
- [Ligazón ás bases](#)



PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO  
Celia Brañas

## ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

